

I

Agora si son quen de contalo todo, xa non teño medo. As pantasmas do pasado xa non están, e os recordos bailan nítidos na miña débil memoria. Dende que teño uso de razón, os meus devanceiros habitaron as costas da mariña lucense, ben sendo mariñeiros rudos tostados polos raios do Sol, ben sendo mariscadores avezados na labor. Toda a nosa vida estivo sempre ligada ó mar. Non me sorprendeu que, á morte do meu avó debido ao afundimento do seu barco pesqueiro fronte as costas de Cabo Verde, fose eu o herdeiro do que quedaba da pequena empresa pesqueira familiar. Daquela eu era un mozo moi novo e con moitos soños, desexando rematar a miña carreira e ser un enxeñeiro de minas.

A noticia da morte do meu último familiar, tras perder os meus pais pola viruela, colleume de súpeto na capital, onde cursaba os meus estudos. A miña sorte foi que o curso pronto remataba e podería ir ao pobo dos meus avós a examinar os contidos da vella casa e da nave do calafate, propiedade todo do meu avó, Raúl Castro. O 20 de xuño collín o primeiro coche de liña que saía de Madrid cara Lugo e, dende a capital da provincia, un vello amigo do pobo recolleume no seu vello coche de 1910, bastante ben conservado malia facer vinte anos da súa compra. O ceo estaba nubrado e a choiva ameazaba cada tramo do noso percorrido polos camiños de terra que se abrían ó noso carón.

- Que tal o pobo Xulio? Todo coma sempre?
- Contos de ananos, Vicente, todo son teimas de vellos e medos de nenos. Nos xornais da mariña falase de que os mariñeiros andan tras un peixe enorme, de ollos marelos e boca tan grande coma unha casa. Manda carallo! Moito augardente teñen que tomar na tasca os condenados eses para dicir o que din.
- E logo? – inquirín – Alguén mais o viu?
- Seica o fillo da Gloria viu saír do mar o caparazón dunha tartaruga e logo, tras del, uns ollos marelos c laranxas, cunha boca enorme que tentaba cazar uns cormoráns, toda rodeada de tentáculos, coma se fose un polbo, e logo somerxeuse. O cativo nunca foi moi listo, pero non o tiña por troleiro.
- Vaites... Supoño que todo o pobo estará tremendo, coñecéndoos.

- Teño que ir contigo cando volvas para Madrid, xa non aturo mais os carallos estes. Dígocho en serio. Un día lisco de aquí. Pobo de tolos e vellos decréritos.
- Xa será para menos home!

Estas últimas noticias remataron de turbar a miña débil mente e, mentres o coche bufaba polos camiños, caín durmido. Cando espertei, o coche estaba arrimado contra o camiño de entrada ó pobo. O cartel de benvida, de madeira de carballo escurecido polo paso do tempo, non deixaba dúbida: San Ciprián.

A costa da mariña non está tan densamente poboada coma a costa do sur da Galiza. Pobos ananos e decréritos, escuros e empodrecidos polo tempo e a humidade, onde falase acotío de lendas de vellas, trasnos, bruxas, corvos de tres ollos e criaturas fantásticas que cobran vida na escuridade, xa que a electricidade é un ben escaso nestas latitudes. Malia que non me parecía raro que o pobo andase a rillar os miolos nunha nova teima, a noticia desta nova criatura, sumada á repentina morte do meu avó, tíñame os nervios destrozados. Xulio despediuse de min á porta da casona antiga da familia e marchou co seu coche trala cancela de ferro que fechaba os meus dominios. A miña casa atopábase no mais alto da Atalaia, nome que se lle deu dende tempos pretéritos á pequena illa que forma o núcleo antigo do pobo, separada por unha insignificante lingua de area da zona nova, onde o meu avó rexentaba a pequena factoría de barcos de baixura.

Penetrei na vella casa xusto cando o sol remataba o seu percorrido diario polo ceo lucense. Acendín unas candeadas pola casa, tentando recordar a distribución dos cuartos, xa que a miña estancia na capital dilatouse mais do esperado. Despois de revisar os dous pisos, sentei nunha cadeira da cociña, vella e cun olor a mar insoportábel. Decidín cambiar os mobles e devolver o antigo esplendor á casa, un par de reformas aquí, unha limpeza acola e estaría lista para arrendala a calquer mariñeiro esporádico, viaxeiro ou poboador local. Todo o proceso da reforma estaba na miña cabeza, mais a medida que cavilaba nisto, acollíame unha sensación de opresión no peito. Cada cambio que teimaba era un cravo que se incrustaba no meu ser. Achaquei ao estrés e os nervios tales dores somáticos e procedín a ir ó meu antigo dormitorio e pasar a noite como mellor puidese e erguerme cedo para facer as compras de rutina.

A medida que avanzaba a noite, os meus sonos fórónse turbando e espertaba suado e oprimido. As poucas horas que durmín foron invertidas en sonos escuros e perturbadores, onde a besta que describían os mariñeiros era a protagonista. No sono, un exército de acólitos rezaban todos xuntos arredor dunha mámoa megalítica e pretérita que eu coñecía, moi preto do pobo, onde se dicía que as bruxas conxuraban ó diaño para os seus escuros feitizos. Sempre as mesmas verbas:

Ph'nglui mglw'nafh Cthulhu R'lyeh wgah'nagl fhtagn

O sono continuaba cunha gran cidade megalítica feita de granito verde e escuro, soterrada baixo as augas próximas á costa. Os cánticos repetianse baixo as augas, entonándose cada vez mais forte a medida que eu, no sono, era conducido ao centro da urbe: unha xigantesca igrexa onde repousaba o maestro Cthulhu morto pero soñando. Todo isto estaba na miña cabeza, pero non sei como chegou, nin quen era o condenado Cthulhu.

Finalmente, unha porta de 30 kilómetros abriuse ante min e penetrei no corazón do panteón megalítico onde repousaban os restos dunha criatura metade polbo, metade reptil. Estaba xusto diante da cabeza desta criatura cando os seus ollos amarelos abririronse de par en par, deixando ver unha pupila pequena e de mil cores, xaora vermella, xaora azul añil. De súpeto escoitei unas verbas impronunciabeles e fun catapultado fora das augas do océano, mentres a cidade megalítica ascendía das profundidades do océano.

Cando espertei, o sol golpeaba a fiestra do meu cuarto con forza, mentres as aves mariñeiras entonaban os seus cantares polo aire e polo mar, asubiando forte cando rompián as ondas contra o espigón do porto. Suaba a mares, deixando a cama pegañenta e mollada, cun olor a mar que non entendín a que era debido. Teimei con que a cama, ao estar tantos anos sufrindo os azotes do vento marino, puido coller este olor, mais non pensei mais nese detalle ata despois de todo o sucedido.

Saín da cama e collín o primeiro que atopei de abrigo para o vento de pola mañá, saíndo pola porta, cara a tenda, a mercar un par de comestibles e utensilios para limpar e adecentar a casa ó meu gusto.

II

Era moi cedo, nin sequera as oito, cando saín pola cancela da casa, pero tanto tiña. Mientras facía tempo antes de que a tenda abrise, deambulei pola extensión da Atalaia de San Ciprián, outeando o mar que chegaba ata o horizonte da miña visión. O vento xogaba entre os meus cabelos e as aves mariñas berraban nas rochas, secando as súas ás coas primeiras rachas de vento, xa que sol non había. Nunca había sol neste pobo azoutado de temporaes, treboadas e ondas furiosas do escuro océano. No meu paseo, rodeei toda a Atalaia, dende o promontorio mais antigo, onde só quedaba a casa do antigo fareiro, ata a praia este da pequena península, onde as ruínas dun antigo salgadoiro custodiaban unha extensa duna, tendo o vento coma dono supremo das minúsculas partículas de fina e branca area. A praia estaba tranquila e baleira, salvo por un gran vulto a uns dez metros da miña posición. Curioso baixei ata él.

Agora que recordo eses momentos non me lembro de onde saquei o valor para non gritar con todas as miñas forzas, porque o que estaba na praia, tombado sobre as costas, esnaquizado e cuberto, na súa maioría, por un enorme tentáculo de calamar xigante, era o corpo dun mariñeiro barbudo e inchado, cos ollos abertos e boca cuberta por sangue coagulado e negro. Caín sobre os meus xeonllos, os cales acariciaron a area da praia fresca e mollada. Mirei arredor de min e non había ninguén, nin un garda, nin unha vella muller. Ningún. Procedín a examinar o cadáver con mais calma reparei no atroz da escena: os cabelos grises do home tapaban parte da súa face, mentres que a barba, manchada de sangue, era un desastre capilar de proporcións ciclópeas. Os ollos extremadamente azuis e a pel pálida coma a fariña nova declaraban que aquel home levaba, polo menos, douis días morto. O xigantesco tentáculo de calamar xigante que envolvía o seu corpo tíñao oprimido pola cadeira, mentres que unha espantosa cicatriz debuxaba o cincento recorde da épica pelexa entre o mariñeiro e o calamar xigante, de asqueroso cor verde escuro, desprendendo un cheiro a mar e a morte que endexamais esquecerei.

Deixei o cadáver no chan, repousando, mentres buscaba desesperado axuda de algún garda que patrullase a zona. Despois duns intres de busca, o devandito axente da ley apareceu ante min, patrullando a zona nova do pobo. Corrín ata él e expliqueille moi detalladamente o que atopara no mar.

- De contado, léveme o sitio!

- Veña por aquí. – os folgos escaseaban nos meus músculos, malia iso corrín coma un desgraciado ata o lugar do meu descubrimento -

Cando chegamos, eu e mais o garda, a miña boca desencaixouse por completo, mentres os ollos inquisidores do garda miraban cara o chan e cara min.

- Onde raio esta o cadáver? Por deus! Conteste, merda, ou o mando arrestar!

O corazón latexábame forte na cabeza e pechei os ollos. Apertei a mandíbula tan forte que pensei que toda a dentadura estouparame.

- Xúrolle que aquí había un home morto, parecía un mariñeiro...
- Parécelle gracioso facer bromas con iso cando o pobo está tan preocupado?
- Non comprendo...
- Fai dous días que non se sabe nada do “Nordeste”, cinco mariñeiro viaxan nese buque, cinco pais de familia, carallo, parécelle momento de bromas? Lisque de aquí, demo, vaia facer gracias a outro lado.

O garda marchou da praia deixándome só cos meus pensamentos. Un buque desaparecido, 5 homes viaxaban dentro. O meu achazo non foi unha casualidade, senón que, probablemente, o home que estaba morto na praia era un deses cinco. Pero onde demo estaba? Estaba profundamente turbado e notábame marcado. Respirei forte e profundo, enchín de aire os meus pulmóns e tranquiliceime, mentres no meu recordo todavía estaban gravadas as imaxes daquel polbo xigantesco na súa igrexa ciclópea no fondo do mar.

Mentres emprendía novamente o camiño cara a tenda, notei coma se alguén estivese a ollar para min, dende algunha fiestra aberta á rúa onde eu me atopaba. Xirei a miña visión e vin a unha vella antiguísima mirando para min dende una todavía más vella casona ao lado da praia, mirada granítica e enrugada ata os ósos. De cabelo branco coma a neve e boca fina e tensa non ceibou os seus ollos a outro prado distinto da miña face, ata facerme sentir incómodo. Lisquei coma un rato escapando dun gato, rápido pola rúa en dirección a tenda. Ao chegar ó umbral da porta sentín alivio, mais o tendeiro non me miraba cunha cara amigábel, mais ben todo o contrario. Sei recoñecer moi ben o odio na mirada das persoas, xa que na capital nestes días vese de todo e de todos eses xestos de desprezo, mais a mirada de aquel home tiña unha mestura de odio e medo,

coma se vise a pantasma dun vello inimigo na miña cara. Avancei lentamente cara o mostrador, mentres o tendeiro mostrábase cada vez mais tenso pola miña presenza.

- Bo día, desexaría mercar unhas vasoiras, uns trapos, 150 gramos de xabón, dúas...
- A que esta xogando? – a súa mirada penetrou unhas miñas carnes e corazón paróuseme por un intre cando me interrompeu -. Primeiro o seu avó, logo o fareiro e despois ven vostede e desaparece un buque con cinco homes bos e cristiáns do noso pobo. Dígame, segue a súa familia xogando cos demos e os trasnos?
- Que carallo está a decir?
- Ben o sabe. O seu avó xa era ben coñecido por bruxo, malia todo o dano que fixo no pasado, parece que deixou a alguén da súa estirpe para seguir cos seus malvados plans. Xa falei co garda de vostede e non me sorprendería nada que o fixese a propósito para causar mais danos á boa xente desde pobo. Bruxo merdento!

O meu primeiro impulso foi darlle unas labazadas ó impertinente tendeiro, mais penseiño dúas veces antes de empeorar a miña xa desgastada reputación. Devolvín unha amarga mirada ó dependente, emprendendo o camiño de volta cara a vella casa familiar, deixando, enriba do mostrador, os comestibles sen pagar.

Mentres pateaba molesto as rúas, advertín unha morea de xente que agrupábase arredor dun home, o cal, mediante terribles espaventos, falaba a viva voz e coa face desencaixada:

- Atopáronos a todos. Todos mortos! O barco partiu a metade e foi atopado hoxe nunha cala a un par de quilómetros de distancia. Atoparon catro corpos totalmente mutilados, coma se fosen atacados por algo; algo dunhas dimensións colosais, megalíticas.

A miña cara tiña que ser digna de ver neses intres, xa que estaba más pálido que unha candea, mentres escouitaba atentamente a narración do sucedido, tendo a imaxe do home morto na praia latexando na miña cabeza.

- Un monstro percorre os mares, eu xa o tiña dito! O maldito cabrón sabe que o herdeiro dos Castro volveu ao pobo. – O home que falaba era alto e

corpulento coma un boi, de longa barba negra e cabelo tamén abundante. Todos somos conscientes do que fixo o seu avó no pobo, do que invocou cando era máis novo!

De súpeto, todas as miradas volvérонse cara min. O pálido da miña zarpou a nova singradura, mentres que as cores vermellas agora eran as que poboaban a miña cara. Apertei os dentes, cerrei os puños e dispuxen a desafiar ó merdento mariñeiro que estaba a difamar ós meus devanceiros.

- Que tes ti? Acaso fixen eu algún mal? Que carallo lle pasa a este maldito pobo?! O meu avó era un bo home, naceu sendo un bo home e morreu sendo un bo home. E esta morto, polo que non se pode defender; moi pouca honra hai que ter...
- Teu avó era un bruxo! Falaba nesa lingua que ninguén entende, convenceu ó fareiro para que o axudase e xuntos invocaron á besta dos mares, o Leviatán! O meu pai odiába o con razón. Bruxo do carallo, feiticeiro, demo!
- Pero, por Deus, volvérонse todos tolos? Non existe o Leviatán, son contos mariñeiros antigos, pretéritos e inventados. E meu avó non era ningún bruxo, era mariñeiro e capitán, un home de honra!

Todo o pobo comezou a berrar cousas terribles contra min e, mentres liscaba daquela caza de bruxas, non podía disimular o odio na miña mirada. Odiábaos a todos; ignorantes fillos de irmáns, mala chispa os coma a todos.

Ó chegar á cancela da miña casa, sen eu saber os terribles sucesos que ían acontecer en poucas horas, atopei apoiado no meu muro un home esquelético e miúdo, de face pálida, mans longas e mirada reptiliana.

- Ti non me coñeces – comezou a dicir – pero eu coñecín o teu avó, son o fareiro, temos que falar.

III

Unha pinga de suor esvaraba pola miña gorxa mentres escoitaba, a piques de botar os fígados, o relato do vello fareiro. “Foi fai anos, moitos anos” comezou a dicir. “Eu era un cativo, como di o outro, mentres que o teu avó sacábame dous anos. Eramos coñecidos do pobo, das pelexas da chavalada e das troulas dos venres. Fomos xuntos á escola, mais non na mesma aula; el era rariño e eu, pola miña parte, calado e introvertido. Ao medrareis non foi a mais a miña sociabilidade, mentres que tampouco as teimas do teu avó. Seica foi daquela cando comezou todo tería eu trece ou catorce. Foi unha noite sen estrelas nin lúa; o pobo durmía e eu ficaba mirando a escuridade do mar en calma. Gustábame subir ó faro e quedar nas noites de frío arrebowxado no meu abrigo de pano longo, lendo calquera cousa á carón da luz do faro. Non escoitei tal berro na miña vida; un cántico de ultratumba, non sendo posible que aquel son fose articulado por algunha criatura desta dimensión cósmica. Despois do berro, a desgraza. Todo o muelle, barcos incluídos, desapareceron nas profundidades. De noite, as voces das xentes do pobo eran enxordecedoras; mariñeiros de todas as esquinas do lugar achegáronse a ollar os desperfectos. Baixei da Atalaia ata a costa do muelle, na parte baixa do pobo, onde o cincento aire, produto do lume que se erguía dun dos depósitos de fuel dos barcos, cubría a atmosfera como unha sabana quente e negra. Vin a mais dun tirar dos pelos aquela noite, xa que o pan da mesa afundiuse nas indomables augas do océano. Foi entón cando, entre a multitud alí reunida, vin o teu avó sorrindo cara o lugar da traxedia. Non era un sorriso de burla, senón de excitación e orgullo. Tiña cribaixo o brazo un libro encadernado en coiro, mentres que os seus ollos reflectían a luz das chamas, vermellos e amarelos dependendo da perspectiva. De súpito, xirou a súa face cara min, e o sorriso desapareceu. Cravou os ollos en min e desapareceu entre as xentes, mentres que os pelos das miñas costas parecían lanzas en ristre, o suor frío acariciou a miña fronte, como a borrasca cando toma terra.”

- A onde quere chegar con todo isto?

“Acouga rapaz. Ti escoita. Esa mesma noite, mentres volvía á casa, notei a presenza de alguén ollando cara min dende as sombras. *O fareiro, tan calado como parecía, e o que mais mete os focinhos* –comezou a dicir a sombra que seguía a miña singradura – *Que crees que pasou no muelle?* A voz do teu avó soaba distinta, moito mais segura e desafiante. Ollando directamente cara min, non puiden sostener a súa mirada escrutadora e

maligna. *Demo! E eu que pensaba que aquel ollar foi de complicidade, e non de medo.* Non te teño medo – comecei a defenderme – fillo de mala nai, complicidade? Acaso fuches ti o que... é dicir, o responsable de todo isto? Abriu o libro que levaba consigo e só fun capaz de ler unas poucas verbas nunha lingua descoñecida:

Ph'nglui mglw'nafh Cthulhu R'lyeh wgah'nagl fhtagn

Cando o fareiro repetiu esas mesmas palabras case perdo o xuízo. As mesmas que oín na catedral submarina! As mesmas palabras da boca dos feligreses do monstro dos meus soños; debín de palidecer, xa que o vello preocupou a súa face ao momento de pronunciar o conxuro. “Despois de tantos anos, volveu”

- Que volveu? – preguntei con voz tremorosa –
- O Mestre volveu

IV

Cando era un cativo de pouco menos de 3 anos, correndo pola praia un día, atopei un peixiño morto. Cando o meu avó, que seguía o meu roteiro a poucos metros, atopoume a piques de chorar, co cadáver do teleósteo entre as miñas manciñas, faloume así:

- Non chores, non hai razón. Ese peixe é enerxía pura. Voltará á natureza o seu espírito; erguerase entre as tebras deste mundo e renacerá no novo mundo. Non no ceo, nin no inferno. Noutro cosmos, noutro tempo. Cando chegue o día no que todo o Universo colapse sobre sí mesmo, as pantasmas dos primeiros creadores voltarán a nos; elixirán un paladín de brazo forte e mente despexada. E cando retornen, todos seremos enerxía de novo, ricos e pobres, recordarán aos Primitivos, aos Primeiros Deuses. O embruxo terreal deixará paso á Gran Batalla da nosa existencia. E mentres, na súa morada de R'lyeh, o defunto Cthulhu agarda soñando.

O mundo dos recordos é un verdadeiro cosmos. Ese intre da miña infancia voltou os meus miolos, mentres escapaba do perigo, empapado en sangue, suando a mares, sen case distinguir as terras que pisaba, debido á noite pechada que pechaba na súa celda a adoradores e xentes do pobo; esa espesa escuridade sen estrelas, adulterada por un cheiro insoportábel a marea baixa. Mentres unha lexión de acólitos do Gran Mestre Cthulhu acortaba distancias, fuxía a todo correr, ladeira abaixo cara ó pobo. Todo sucedeu nun abrir e pechar de ollos.

Despois de despedir ó vello fareiro, precisaba poñer en orde os meus pensamentos. Unha cousa era certa: O meu avó era un bruxo. Desplomeime na vella cadeira da cociña, absorto nos meus cavilares. O sol estaba a percorrer o último tramo do seu deambular diúrno, agochándose tralas, agora escuras, actualmente perigosas, augas do Cantábrico. Non esperei un só intre. O meu novo obxectivo era revisar todos os papeis, manuscritos e documentos que tiñan a firma do meu avó.

Subín coma un raio ao, ata agora, inexplorado piso superior da casa. As arañas, ratos e fungos eran os inquilinos deste andar, mais entre o podrecemento da madeira, as cristaleiras avellentadas e os excrementos de roedor, vislumbrei unha habitación

bastante ben conservada, polo que supuxen que era o estudio do meu avó. Os libros amontoados na mesa, estanterías e incluso no chan, eran unha boa pegada do que andaba a buscar. Na mesa, xunto a unha cunca baleira, con pouso de café, atopei páxinas arrincadas do *Malleus Maleficarum*, o martelo das bruxas, onde se ensinaban os procedementos básicos para identificar e cañas bruxas; moreas e moreas de pergamiños e manuscritos, onde a maxia negra e a conxuración eran as protagonistas. Destacaban, no centro da mesa, varios fragmentos copiados do *Necronomicón*, a xenial obra de Abdul Alhazred, o árabe tolo, onde varias liñas subliñadas fixeron que o meu corazón parase o seu ritmo por un intre:

“A convocación de criaturas de maior importancia esixe o sacrificio de sangue humana. Estes corpos, que viaxan centos de millóns de anos nun intre, deben reponer forzas mediante a captura da enerxía vital doutros organismos superiores, sendo os humanos os receptáculos más frecuentes desta enerxía. Os seres, produto deste procedemento, tornan en instrumentos sen conciencia, seguindo as ordes do convocador...”

Ao carón deste parágrafo, a noticia do afundimento do navío do meu avó, fronte as costas de Cabo Verde, cunha reveladora fotografía onde se mostraban os restos do buque esnaquizado:

“Cinco mortos e un desaparecido tralo afundimento do buque ‘Mestre’ fronte a costa africana. Os cinco mariñeiros, cuxos cadáveres foron recuperados, máis o patrón, Raúl Castro, en paradoiro descoñecido, formaban a tripulación da nave afundida...”

A noticia especulaba sobre un golpe de mar, mais a rigorosa análise da fotografía non deixaba dúbidas: O costado do barco aínda tiña as magulladuras da pelexa contra unha especie de calamar, ou algún cefalópodo da súa familia, lucindo as marcas dos tentáculos no casco. Ninguén penetrrou na casa sen que eu fose consciente, mais a noticia era recente, quen a depositou non podía saberlo, mais o arrecendo a mar podre e corrupción eran evidentes polas avellentada estancias da casa. O meu avó estaba desaparecido, seguro? Xa non podía asegurar quen estaba morto e quen non. O cadáver da praia tamén tomou a decisión de revivir, me supoño; o meu avó podía estar vivo, e o que era peor, podía ser o responsable dos ataques!

A noite era pechada xa, sen lúa, sen estrelas. O mar embraveceuse de súpeto, coma se tiveramos mar de fondo, pero sen prevelo, xerado quizais por algúñ corpo viscoso e xigante que, neses momentos podía estar dirixindo os seus apéndices cara ó pobo, unha vez máis, como xa fixo fai moitos anos. Podía estar capitaneado por meu avó, quizais, cun exercito de seguidores ás súas ordes. Aínda que tamén cabía a posibilidade de que estivese perdendo o xuízo, o relato do fareiro fose unha mentira, e estes documentos unha pesada broma dos do lugar. Na miña escuridade, unha luz penetraba na habitación; asomeime á fonte da mesma, a ventá. A luz non era artificial; a luz era producida por milleiros de antorchas. A vista nubróuseme, os xeonllos quixeron perder o equilibrio facerme tocar terra, pero aguantei. A situación era crítica. O exército xa estaba aquí, petando na miña porta.

Cando abrín a fiestra completamente, o primeiro que notei foi o aire quente, emanado das antorchas. Eran incontables: centos de homes, mulleres e cativos, con cadanseu luceiro, ás portas da miña casa. Ficaban estáticos, espidos completamente, con evidentes sinais de putrefacción, debido a unha longa estancia baixo as augas. Estes eran os defuntos afogados no mar; o exército do Mestre Cthulhu. De súpeto, unha masa xigantesca, viscosa e verde fixose un oco entre a multitud alí reunida. Xirou a súa repugnante face á dereita. Xirou a cara á esquerda, ó tempo que un ciclópeo furúnculo lle rebentaba do suposto pescozo, emporcándoo, cun un fluído verdoso e brillante polo tórax, se é que era o seu tórax. Alzou un dos seus apéndices superiores e bramou, cun son que non era articulable por gorxa terrestre:

“IÄ, IÄ! CTHULHU FHTAGN! R’LYEH CYLTH WA-PHFGAN!”

O meu fin parecía inminente, cando os acólitos comenzaron a penetrar na miña casa, tentando tirar abajo a vella cancela. O lume, ata agora restrinxido as luces do exército, impregnou a miña casa, devorando con rapidez a vella madeira corroída polo mar. A miña escapatoria era case imposíbel, mais necesaria. Abrín a fiestra todo o que puiden e trepei ata o tellado de pizarra da vivenda. Para a miña sorte, o veciño decidiu edificar a súa casa a carón da miña, polo que avancei pola súa propiedade, baixei polo balcón, ata o camiño de terra e emprendín a fuxida da Atalaia ladeira abajo, tropezando con pedras, raíces e rochas, mentres os guerreiros do inmortal Cthulhu daban boa conta das miñas escassas posesións.

Ladeira abaxo, perseguido, case sen folgos, maltratado e cun corte na fronte, do que emanaba abundante e quente sangue vermello rubí, así foi como escapei do perigoso exército dos defuntos. Cando pensei que a miña situación non podía empeorar, os meus ollos fotografaron a imaxe más aterradora da miña vida que, a día de hoxe, invade os meus pesadelos: o pobo ata agora pacífico e baixo a chave do silencio, era un caos desproporcionado, onde as hostes dos mares podrenciales queimaban e mataban a pracer.

V

Eran centos de miles os soldados que invadiron a Atalaia, sendo xa visibles mentres baixaban ás presas pola colina do faro. O lume xa era o dono do grupo de vellas casonas de pedra e madeira, morteiro e pizarra que, dende facía séculos, dominaban o promontorio do pobo.

Malia que isto era xa, *per se*, impresionante, a visión do pobo sendo atacado foi o que perturbou a miña mente ata os escuros niveis do raciocinio e a memoria que non son quen de espertar ata que unha forza cósmica os estimula, os ataca e os destrúe. O horror do Universo profundo quería ficar en San Ciprián; estender as súas raíces, aumentar as súas forzas para, deste modo, recuperar o que era seu. R'lyeh estaba sobre a superficie das augas, a poucos quilómetros da costa, dende onde os seus batallóns partiran entrada a noite.

Baixei ó pobo a todo correr e puiden comprobar, cos meus propios sentidos, o terror do exército en acción: guiados por monstros homónimos ós que dirixían as forzas que asediaban a vella casa dos Castro, os acólitos atacaban, mataban e queimaban todo ó seu paso. Entre os escombros atopei un ferro curto e resistente, mentres que un cacho de porta foi o meu escudo, rudamente armado, sentinme máis seguro.

Andaba ás tentas, rápido pero agochado. Non era loitador, nin amante da violencia mais o sentido de supervivencia e a adrenalina dotou ó meu brazo de forza e ó meu corazón de coraxe. Esnaquicei o cráneo dun acólito polas costas, mentres o seu compañoero xirábbase, aticeille no figado e logo na cara, caendo de contado ó chan, onde o rematei a gusto. O ruído da pelexa avisou a outros tres homes-bestas, que dirixiron verbas impronunciables cara min, mentres o lume queimaba a casa que saqueaban. Á carreira, dirixíronse cara min, empuñando as súas antorchas e peculiares armas feitas do mesmo granítico putrefacto e verde, material dos megalíticos templos de R'lyeh. Estaba seguro que ese era o meu final, cando, sen previo aviso, a cabeza dun deles fixose anacos, o seu camarada caía dun disparo no peito e o último foi abatido por unha ráfaga de disparos de revólver.

- O neto do bruxo! Pegámossle un tiro ou? – era, para a miña sorte ou desgraza, o mariñeiro corpulento e salvaxe que discutiu comigo ese mesmo

día no pobo, liderando un puñado de homes do lugar – De que lado estás neto do bruxo?

- Do lado dos vivos, do lado dos vivos!
- Boa resposta. Dádelle un fusil, imos cazar pelexos!

O mariñeiro, armado cunha escopeta de caza, disparou contra dous dos seguidores, ferindo de “*morte*” a un deles, mentres que o outro foi posto fora de combate polas armas do resto do pequeno batallón. Xuntos, sendo case vinte guerreiros, acudimos ao centro do incendiado pobo, onde a maior sorpresa de todas estaba por revelarse.

- Iremos ó concello, alí estanse a concentrar moitos deses monstros verdes merdentes! Está a pasar algo nese sitio, de contado! – a voz ruda do mariñeiro forzou ós nosos pés cara un novo obxectivo -

A marchas forzadas, acabando con toda ameaza polo camiño, homes, mulleres e nenos-mortos eran pasto dos disparos do grupo. Foi unha sorte que, un pobo tradicionalmente pescador, tivese aquel arsenal, adicado á caza maior dos meses de verán.

O concello era un edificio pequeno, preto da desembocadura do río que separa as dúas ribeiras do pobo. Na praza, millares dos fillos de Cthulhu congregábanse arredor dun home. Cando chegamos, só puiden ver ás costas do seu macabro líder, de pelo gris, larga túnica negra, sostendo un libro en alto e pronunciando terribles grimorios e feitizos, cos que fixo tremer o ceo e a terra. O libro, encadernado en pel humana, non deixaba dúbida: era o *Necronomicón*, de Abdul Alhazred, sendo lido!

- Bruxo do carallo, vas comer plomo! – acto seguido, un único disparo saíu do canón do rudo e corpulento mariñeiro -
- Fhtagn Cthulhu pwfagn p’yonwahgn!

O tiro, detívose no aire, e durante un intre, que pareceu un milleiro de anos, a miña mente quería estoupar, xa que o home que se deu a volta, cos ollos totalmente vermellos, sen pupila nin iris, cunha longuíssima barba, pel de cor verde podrecido era o que quedaba do meu suposto defunto avó!

- Non pode ser... Ti estabas morto

- O que está vivo, pode morrer. O que non morre, non, non sequera vive. Eu son a enerxía, e vos as novas testemuñas do comezo do reino do deus Cthulhu!

“GRAN MESTRE, EU, QUE CONVOCO AS TÚAS LEXIÓNS AO COMBATE, INVOCO O TEU VERDADEIRO PODER, ESPERTA, DO TEU SONO MARIÑO! ESPERTA, NA TÚA CICLÓPEA CATEDRAL! ESPEEEERTA!”

E, despois de milleiros de millóns de anos, o Mestre volveu. A figura que xurdiu do embravecido mar de fondo, o monstro aterrador dos meus pesadelos, estaba aquí! Mediría case cinco quilómetros de altura, antropomorfizado, de apéndices extremadamente longos e membranosos, sendo a súa face unha revolución de tentáculos, destacando entre eles oito de maior diámetro. Cunhas rudimentarias ás tamén membranosas, ollos pequenos e cola poderosa, sendo empregada para erguer ondas duns vinte ou trinta metros. Milleiros de seres en miniatura do gran Mestre arremuiñábanse e torno ó seu pai, a súa semente terreal, que avanzaba a pasos lentos pero constantes cara San Ciprián.

- ESTA AQUÍ! – o mariñeiro berrou e os soldados do noso grupo comenzaron a descarga as súas armas contra a infesta prole e o seu maquiavélico convocador – A MORTE!

A figura que, fai anos, fora o meu avó, correu cara a Ponte das Ánimas. Ao velo, no fragor do enfrentamento conseguín iniciar a súa persecución, rifle baixo o brazo, mentres ás miñas costas, o combate era unha carnizaria, onde sangue e pus viscoso e verde corrián a partes iguais.

- Volve avó! Volve! – gritei-
- Ven por min, logo! – riu entre dentes -

A persecución seguiu, atravesei a ponte, a fraga da loma vella, ata chegar á Mámoa da Bruxa, o lugar do meu primeiro soño. O feiticeiro pousou o detestable libro sobre a lousa pétrea da mámoa e xirouse cara ó seu perseguidor. Alzou as mans e pronunciou as verbas:

Ph'nglui mglw'nafli Cthulhu R'lyeh wgah'nagl fhtagn

A cima onde se atopaba a Mámoa da Bruxa era o mellor escenario para contemplar a catástrofe erixida polo meu avó.

- Non estás orgulloso de min? – comezou dicindo – Por fin o conseguín, despois de tantos anos, a vinganza está consumada. – os seus ollos, vermellos e inhumanos, desafiantes, brillaban con maldade -
- Vinganza? Vinganza contra quen?
- Contra estes malnacidos, estúpidos, ignorantes, hoxe é o triunfo contra a borralla que infecta o noso pobo! Dende ben cativo quixerón destruírmee, e eu non o permitín nunca! Atopei os seus segredos, os segredos dos Antigos, antes esquecidos, recuperei as antigas tradición, as vellas verbas e agora vou poñer fin a todos os que algunha vez ríronse da lóxica, dos coñecementos antigos e do meu saber! Este libro, Vicente, abriume os ollos. Estes insignificantes seres non son nada, comparados cos seres superiores, en intelecto e tecnoloxía, que pobean os mundos extrasolares. Agora convocarei á nova humanidade. E neste novo mundo, ti e mais eu seremos os deuses! Con xustiza, saber e paz, reinaremos inmortais! ESTE É O FIN!
- Estás tolo! Non podes controlar a esas bestas! Detén esta loucura, xa, de contado!
- Neno insensato! O mundo dos homes está podre. A corrupción da raza é o motivo de que a nosa conciencia terreal non sexa divina, inmortal. Poboarei a Terra con millo novo, cortarei a ignorancia e a codicia, matarei a todos os que se opoñan ó novo reinado da razón e a lóxica matemática!

“OS DEUSES DO EXTERIOR POBOARAN ESTE MUNDO BAIXO O MEU REINADO”

“A nosa detestable existencia nesta illa de ignorancia rematou, hoxe é o noso renacer como especie.”

Ph'n Cthulhu R'lyeh wgah'wagn fhtagn

Foi nese preciso instante, rematada xa toda esperanza, no meu momento de máis debilidade, cando tomei a decisión más acertada da miña vida. Xusto no momento no que o meu avó xirou as súas pregarias e a súa vista cara a descomunal figura de

Cthulhu, a punto de devistar o lugar onde os meus camaradas se atopaban, agarrei forte o fusil que portaba embaixo o brazo durante todo o transcurso da miña axitada persecución, marteleino e apuntei:

- Ti estabas morto.

E con estas escasas verbas, apertei o gatillo, disparei a bala que atravesou ao monstro que era meu avó, o último dos Castro que quedaba con “vida”, sendo imposible deter a bala, xa que o seu adorado *Necronomicón* repousaba sobre a pedra da mámoa que, agora despois de moito tempo dándolle voltas, centos de miles de anos atrás, serviu aos castrexos, primeiros poboadores do lugar, que, tras vencer aos primeiros deuses, desterráronos ó mar. Foi este espírito combativo milenario o que permitiu que o libro non tivese efecto, acabando coa vida do meu avó.

O cadáver do meu avó rodou ladeira abaiixo, perdéndose nas augas bravías, turbias, detestables e podrecidas que deron vida aos monstros que asediaban o pobo. Morto o can, acabouse a rabia. O vínculo de convocación, xerado pola primeira lectura do *Necronomicón*, por parte do meu avó o día que arrasou o muelle do pobo, fai tantos anos, morreu con él. Os monstros, os acólitos e o Gran Mestre Cthulhu desvanecéronse nunha nube de polvo, cinzas e corrupción, de volta ás profundidades onde, dende hoxe e ata a fin dos días, seguen soñando, esperando a que outro imprudente ser chame a súa porta e libere o poder que encerra a cidade ciclópea de R’lyeh e a súa descomunal catedral, no fondo das escuras e inexploradas profundidades do océano galego.